

## **NORMAS DE CENTRO – ESO-BAC**

### **NORMAS ACADÉMICAS**

- a) A asistencia a todas as clases é obrigatoria. A asistencia a clase con puntualidade e a participación nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudos constitúen un deber básico dos estudantes. A asistencia é obrigatoria para todos os alumnos, polo tanto, as faltas de asistencia a clase non xustificadas constitúen falta leve, podendo levar á apertura dun expediente de absentismo. Os retrasos tamén constitúen falta. O centro adoptará medidas especiais para garantir a puntualidade do alumnado, podendo chegar a non permitir o non acceso deste á aula ou incluso, de ser os retrasos reiterados, podendo ser enviado a casa. Nos casos nos que os alumnos afectados permanezan no centro serán atendidos por un profesor. (Este punto estará detallado, de ser o caso, nas etapas afectadas a continuación neste documento)
- b) O alumnado seguirá as orientacións do profesorado respecto a súa aprendizaxe e mostraralle o seu debido respecto, tanto ao profesorado como aos compañeiros dada conta, de maneira especial, o dereito ao estudo.
- c) Calquera ausencia prevista dun alumno/a ten que ser comunicada a ser posible, con antelación empregando a plataforma Educamos. Se a ausencia vai ser prolongada (por motivos xustificadas) deberá ser comunicada e aprobada por Xefatura de Estudos. Para os alumnos de Secundaria e Bacharelato, se durante a súa ausencia se levou a cabo algunha proba escrita, é preciso que o alumno presente ante Xefatura de Estudos un xustificante físico que acredite o motivo da falta (cita médica, trámite legal, ...). Unha vez Xefatura de Estudos acepta a xustificación, indicará ó docente correspondente que pode proceder a repetirlle a proba ao alumno. Debe terse en conta que en caso de non presentar xustificante, os docentes non repetirán probas a alumnos, e polo tanto deberán facer a recuperación na seguinte convocatoria que proceda.
- d) Os alumnos non poden abandonar o recinto escolar, durante o horario escolar. Para facelo os pais ou tutores legais deberá haber comunicado ao titor pola plataforma Educamos a data e hora a que é preciso que o alumno ten que saír do centro. Só os alumnos de ESO e Bacharelato, poderán marchar sos. Dende a conserxería do centro chamarase aos pais para confirmar e informar que o seu fillo/a vai saír do centro, no caso de que marche só. Con antelación, os pais, nais ou tutores legais deberán xustificar en EDUCAMOS as faltas do alumno/a facendo a indicación de que poderá a saír só do Centro.
- e) Durante as clases non se pode saír das aulas sen causa xustificada.
- f) Entre clases os alumnos permanecerán na aula gardando un comportamento correcto.

- g) No caso de ausencia dun profesor os alumnos permanecerán dentro da aula agardando a chegada do profesor de garda encargado de cubrir a ausencia.
- h) Se un alumno é expulsado ao corredor durante un período non superior a cinco minutos, o profesor deberá controlalo coa porta aberta. Se a expulsión implica a intervención do Equipo Directivo, o alumno comparecerá ante Xefatura de Estudos, quen tomará as medidas oportunas.  
En ambos casos a medida tomada quedará reflexada na plataforma Educamos para coñecemento dos pais.
- i) Naqueles casos nos que os alumnos finalizaran un exame antes da hora de saída de clase, deberán permanecer na aula.  
A excepción dos alumnos de Bacharelato durante os períodos de exames globais, que poden saír da aula para estudar noutros espazos ou marchar para casa cando rematan a última proba da mañá.
- j) Os boletíns de notas colgaranse na plataforma Educamos e deberán ser confirmados como vistos polos pais para que teñan constancia os titores.  
Os únicos boletíns de cualificacións entregados en papel son os finais, é dicir, os da convocatoria ordinaria (xuño) e extraordinaria (xuño, pero só para Bacharelato).
- k) Os exames poderán facerse fora de horario lectivo, a proposta do profesor, en Bacharelato y para exames materias pendentas.

## **NORMAS CONVIVENCIA**

A existencia dun ambiente axeitado no centro é fundamental para acadar o desenvolvemento integral da persoa. Este ambiente é froito da implicación e colaboración de todas as persoas implicadas na vida do centro nun clima de diálogo, respecto, tolerancia e cumprimento por parte de todos das “normas de convivencia” recollidas no Regulamento de Réxime Interno do Centro.

As Normas de Convivencia do centro definen as características das conductas que deben promoverse para lograr:

- O crecemento integral da persoa.
- Os fines educativos do centro.
- O desenvolvemento da Comunidade Educativa.
- O bo ambiente educativo e de relación no centro.
- O respecto aos dereitos de todas as persoas que participan na acción educativa.

Normas básicas de convivencia

- a) O respecto á integridade física e moral e aos bens das persoas que forman a Comunidade Educativa e daquelas outras persoas e institucións que se relacionan co centro con ocasión da realización das actividades e servizos deste.
- b) A tolerancia ante a diversidade e a non discriminación.

- c) A corrección no trato social, en especial, mediante o uso dunha linguaxe correcta e educada.
- d) O interese por desenvolver o propio traballo e funcións con responsabilidade (asistencia asidua a clases e puntualidade nas mesmas).
- e) O respecto polo traballo e funcións de todos os membros da Comunidade Educativa.
- f) A cooperación nas actividades educativas ou convivenciais.
- g) A boa fe e a lealdade no desenvolvemento da vida escolar.
- h) O coidado no aseo e imaxe persoal e a observancia das normas do centro sobre esta materia.
- i) A actitude positiva ante os avisos e correccións.
- j) A axeitada utilización do edificio, mobiliario, instalacións e material do centro, conforme ao seu destino e normas de funcionamento, así como o respecto á reserva de acceso a determinadas zonas do centro.
- k) O respecto ás normas de organización, convivencia e disciplina do centro.
- l) A asistencia ás clases é obrigatoria.
- m) Puntualidade á hora de entrada e saída das clases.
- n) Os alumnos absteranse de comer ou beber nas aulas ou lugares de traballo. Exceptuando os niveis educativos nos que se autorice polo centro.
- o) Non consumir substancias nocivas para á saúde (tabaco, alcohol ou outro tipo de droga) no recinto escolar.
- p) Non usar empregados móbiles ou dispositivos electrónicos (que estarán apagados e gardados) dentro do recinto escolar. O centro non se fai responsable de ningunha perda ou roubo.  
Durante calquera proba escrita non estarán permitidos tampouco os smartwatches.
- q) O profesorado está facultado para esixir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que este expresamente prohibido polas normas do centro, que resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou que poda perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes ou complementarias. O requirimento previsto neste punto obriga á alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesor en Xefatura de Estudos coas debidas garantías, quedando a disposición da nai, pai ou da titora ou titor legal en canto se lles faga chegar a carta coa comunicación da sanción imposta e o horario de recollida.
- r) En xeral, o cumprimento dos deberes que se sinalan na lexislación vixente e no presente Regulamento aos membros da Comunidade Educativa e de cada un dos seus estamentos.

Engadimos a estas todas aquelas especificamente indicadas para cada nivel, curso ou grupo, polos xefes de estudo, coordinadores ou titores correspondentes.

## **Cumprimento das normas de convivencia**

- a) As normas de convivencia do centro son de obrigado cumprimento para todos os alumnos, tanto dentro da aula como no conxunto do recinto escolar, facéndose extensivo ás saídas en grupo, con independencia de que a actividade en que estes participen se realice dentro ou fora del horario lectivo.
- b) Os profesores teñen a responsabilidade de que se manteña, tanto na aula coma no resto das instalacións docentes do Centro, o necesario clima de traballo para que os alumnos estuden, traballen e aprendan.
- c) Todo profesor que sexa testemuña de unha infracción das normas de convivencia establecidas, con independencia do lugar e do momento no que esta se produza, está obrigado a intervir para intentar resolver a citada situación. Se a infracción ten a consideración de leve poderá impoñer unha das sancións previstas para tales faltas e se a infracción está tipificada como unha conducta gravemente prexudicial para a convivencia informará de forma convinte á Xefatura de Estudos do centro.

### **Normas de organización e funcionamento**

- a) É necesario, para o bo funcionamento do centro e un proceso adecuado de aprendizaxe, que todos os alumnos e alumnas acudan a este con puntualidade e de forma regular.
- O alumnado debe:
- asistir a todas as clases e xustificar as súas faltas de asistencia segundo o procedemento establecido polo centro.
  - ser puntuais en todos os actos programados polo Centro nos que deban participar. Así mesmo, esíxese a máxima puntualidade na entrada a todas as clases, e de forma moi particular a primeira hora e logo do recreo. As portas do centro abríranse ás 8:15 horas e ás 15:50 horas as tardes dos luns; as clases iniciaránse ás 8:30 horas e ás 16:00 horas. Á os alumnos que cheguen con retraso se lles aplicará o procedemento recollido neste RRI.
- b) Nos cambios de clase e nos desdobres os alumnos deben agardar ao Profesor na aula (non nos corredores)
- c) Os alumnos deben manter unha actitude correcta dentro do recinto escolar. Nas súas instalacións ou dependencias, os alumnos non poden usar ou portar sobre a cabeza gorras, sombreiros, panos, capuchas ou similares, nin tampouco prendas que impidan a súa identificación, excepto por prescrición médica debidamente acreditada.
- d) Non está permitido o uso de teléfonos móbiles, auriculares, altofalantes, smartwatches ou calquera outro dispositivo electrónico nin tampouco obxectos que poidan distraer ao propio alumno, aos seus compañeiros ou interromper ao profesor.

Os profesores retirarán os obxectos, aparatos ou dispositivos antes mencionados, que serán depositados en Xefatura de Estudos e rexistrarán a incidencia na plataforma Educamos para coñecemento dos pais.

Xefatura de Estudos fará entrega dunha carta ao alumno/a na que se indicará o horario de recollida do dispositivo e a sanción correspondente como se recolle no RRI do centro.

- e) Os alumnos non poden permanecer sen motivo algún nos corredores, patios, “bareto” ou outras dependencias do centro durante as horas de clase, nin en calquera outro lugar non autorizado para tal fin ou destinado a outras actividades durante as horas de recreo.

Entre clases, só poderán saír da aula, con permiso do profesor/a da materia que vai dar comezo, os alumnos que precisen ir ao servizo. O resto de alumnos permanecerán na aula.

- f) Os alumnos desprazaranse polo centro de maneira ordenada e sen levantar a voz, respectando o traballo do resto de grupos.
- g) Durante o recreo e o tempo de comedor, os alumnos non poden permanecer nas aulas, corredores nin escaleiras. É responsabilidade de cada profesor asegurarse de que todos os alumnos saíron da clase.
- h) Todos deberán colaborar para que as instalacións do centro (patio, baños e aulas estean limpas), empregando en todo momento as papeleiras que teñen a súa disposición.
- i) Non se deixarán obxectos de valor nin diñeiro nas aulas. O centro non se responsabiliza das perdas ou posibles roubos.
- j) Non se permite realizar fotografías nin vídeos de ningún membro da Comunidade Educativa dentro das instalacións do centro ou nas actividades, excepto nos actos nos que se conte con autorización previa.

O alumnado non pode facer uso de imaxes nin vídeos de ningún membro da Comunidade Educativa sen contar co seu consentimento expreso (inclúe documentos compartidos por alumnos, redes sociais, WhatsApp,...)

- k) Os alumnos non poden manipular ou empregar de maneira inadecuada calquera dos medios materiais cos que conta o centro en materia de seguridade e prevención.
- l) Os alumnos non poden saír do Centro ata a finalización de súa xornada escolar, excepto nos casos nos que conten con autorización dos pais, nais ou titores legais ou existan actividades do Centro para as que estean autorizados, para o cal irán acompañados dos docentes correspondentes.
- m) Só os alumnos de Bacharelato poderán saír do centro durante o tempo de recreo, ou nos períodos de descanso entre exames globais, e sempre previa autorización dos pais entregada a Xefatura de Estudos a inicio de curso.
- n) Os alumnos deben permanecer nos períodos de recreo nos espazos asignados a tal efecto.

## **Normas de orde persoal e hixiene**

- a) Non está permitido escribir e pintar nas mesas e paredes ni ensuciar a aula nin as estancias do resto do centro.
- b) Uniforme deportivo do centro: O uso do uniforme deportivo escolar é obrigatorio nesta etapa. Este debe axustarse ao modelo establecido polo Centro.  
O día que teñan actividades deportivas, os alumnos deberán asistir co uniforme deportivo e poderán cambiarse antes e despois das mesmas.
- c) O centro non se fai responsable das perdas de prendas ou obxectos que os alumnos extravíen.
- d) Deben manter unha correcta hixiene persoal.
- e) Empregar correctamente os lavabos, evitando tirar auga fora e deixando os inodoros limpos despois do seu uso.
- f) Cumprir coas normas de funcionamento e educación dentro do comedor escolar.
- g) Non se poderá cubrir a cabeza con gorras, panos, etc., salvo en actividades de exterior (dentro ou fora do recinto escolar) cando se considere necesario por motivos de índole meteorolóxico ou con permiso dos responsables.

## **Normas referidas a casos de enfermidade e/ou administración de medicamentos**

- a) Os alumnos non deberán asistir ao Centro cando teñan febre ou algún síntoma de enfermidade.  
Non acudirán ao Centro en caso de enfermidade contaxiosa de ningún tipo; en caso de asistir avisarase aos familiares para que os recollan coa maior brevidade posible.
- b) Para aqueles alumnos que precisen un medicamento específico, os pais ou representantes legais deixarán unha dose, que renovarán antes da súa caducidade, depositada na sala de profesores e indicando o titor/a a información precisa.
- c) O criterio xeral para a administración de calquera tipo de mediación debe ser responsabilidade da familia, sempre a partir da prescrición dun médico. É por elo polo que se roga ás familias que fagan coincidir os momentos de administración de medicamentos fora do horario escolar. En caso de que isto non sexa posible, só se poderá administrar medicación atendendo ao seguinte procedemento:
  - O pai e/ou a nai, ou o titor/a legal cumprimentará e firmará unha autorización que se facilitará polo titor/a do alumno.
  - Non se administrará ningún medicamento sen prescrición médica.
  - A autorización debe ir acompañada da receita médica, a dose e o horario.
  - No medicamento deberá constar claramente o nome e apelido do alumno.
  - Os medicamentos entregaranse en man por un adulto ao profesor/titor.
  - Os medicamentos non poden quedarse no Centro, a excepción de casos concretos a pactar en tratamentos prolongados.

- Os medicamentos prescritos na autorización serán administrados polo titor/a do alumno ou pola persoa que se indique por Xefatura de Estudos en cada caso.
- En caso de emerxencia médica, calquera docente será responsable de administrar o medicamento ao alumno que o precise (casos de alumnos diabéticos, alerxias,...)

### **Normas referidas as relacións e trato cos demais**

- a) O respecto aos demais é a norma fundamental do Centro, no comportamento, na forma de expresarse, na tolerancia para cos demais e na aceptación das normas.
- b) Non está permitido realizar actos que molesten aos demais nin que prexudiquen ou alteren o normal desenvolvemento das clases. Véxase por exemplo:
  - Falar con compañeiros sen autorización do profesor.
  - Facer ruído que interrompa a clase.
  - Beber, comer ou mascar chicle na aula.
  - Tirar papeis ou outros obxectos ao chan ou aos compañeiros.
  - Cambiarse do sitio asignado polo profesor.
  - Levantarse sen permiso.
  - Correr pola aula.
  - Tirar ou lanzar o material de traballo aos compañeiros.
  - Estar traballando unha materia diferente á que corresponde a esa hora.
  - Saír da aula sen permiso.
  - Calquera outra acción, non enumerada anteriormente, que poida ser entendida como perturbación, por mal comportamento, do normal desenvolvemento das clases.
- c) En calquera lugar ou dependencia do Centro e en calquera actividade organizada polo mesmo, os alumnos respectarán aos profesores e a autoridade destes, respectarán a cantas persoas traballan e se encontran no centro ou nas súas proximidades ou no entorno no que se realiza a actividade, respectaranse entre eles mesmos e respectarán o mobiliario e as instalacións do centro ou do lugar no que se encontren por participar nunha actividade.
- d) Respetarase a integridade física e moral das persoas que forman a Comunidade Educativa.
- e) Os alumnos deberán ter en todo momento un trato respectuoso e adecuado tanto cara os seus compañeiros, como ó alumnado de outros cursos.
- f) Tolerancia cara a diversidade e a non discriminación deberá rexer todos os comportamentos.
- g) Os alumnos mostraranse correctos no trato social, empregando unha linguaxe correcta con calquera membro da Comunidade Educativa.
- h) Cumpriranse sempre as indicacións do profesorado e do persoal do PAS (persoal de Administración e Servizos).

## Normas referidas ao traballo

- a) É preciso pedir permiso para falar en clase, para garantir unha orde de intervención.
- b) Cando o profesor explique, o alumno debe prestar a máxima atención.
- c) Hai diferentes ritmos de traballo. Os alumnos que terminen primeiro deben respectar, en silencio, o traballo e a concentración dos demais.
- d) Os profesores non deben deixar saír da aula aos alumnos ata a finalización da clase, excepto canto a amoestación do alumno por una falta leve ou grave así o requira. Polo tanto, non está permitido deixar saír da aula aos alumnos que terminan un exame antes da finalización da hora ou deixar fora aos alumnos que non teñen que facer un exame.  
Excepción a esta norma é o caso dos alumnos de Bacharelato, que nas datas dos exames globais de avaliación poden abandonar o centro ao finalizar o último exame da mañá, e tamén aqueles alumnos que presenten xustificantes médicos que acrediten a necesidade de saír da aula.
- e) Para que se leve a cabo correctamente o proceso de ensinanza e aprendizaxe é imprescindible atender só a o que se está tratando na materia (o contido de clase, dúbidas, exercicios,...)
- f) Seguindo as indicacións dos docentes, algunhas das tarefas de cada materia levaranse a cabo fora do horario lectivo, e deberán traerse para a súa revisión e/ou corrección no tempo establecido.
- g) O material escolar é unha ferramenta de traballo, os alumnos teñen o deber de traelo todos os días, de coidalo con esmero e de presentalo aos profesores sempre que o soliciten.
- h) O profesor ten a responsabilidade da organización da clase. Sempre se debe respectar a súa autoridade.
- i) En todo momento se manterá unha actitude de silencio e atención en clase. Respectando o silencio e o traballo dos compañeiros.
- j) Dirixirse ao profesor e compañeiros nun ton adecuado, evitando expresións malsoantes.
- k) Manter unha postura corporal adecuada na aula.
- l) Respectar e manter en bo estado o material persoal e o axeo.
- m) Non se permite copiar nin plaxiar traballos.
- n) Nas actividades complementarias e extraescolares, así coma no comedor do centro, manter unha actitude e un comportamento correcto.
- o) As comunicación co titor, ao igual que co resto de docentes e o departamento de Orientación, faranse preferentemente a través da plataforma Educamos ou do correo institucional.
- p) As comunicacións ou citas, previa solicitude, con Xefatura de Estudos e Dirección faranse preferentemente a través da plataforma Educamos ou do correo institucional.



## **CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA EN ESO E BACHARELATO E A SÚA CORRECCIÓN**

1. As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, están clasificadas como:
  - a. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
  - b. Condutas leves contrarias á convivencia.
2. Segundo o establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou maltrato continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicológico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, de acordo co establecido no artigo 38 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

### **Gradación das medidas correctoras**

Para a gradación das medidas correctoras a tomar ante as faltas graves e leves, teranse en consideración os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, no seu caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obrigaón de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os eléctricos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou de un alumno, en razón da súa idade, da súa recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciatoria desta vulnerabilidade.

### **Reparación de danos causados**

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual o colectivamente, de forma intencionada ou por descoido, ás instalacións e materiais do centro, incluídos os equipos informáticos e o software, e os bens de outros membros da Comunidade Educativa, ou a facerse cargo do coste económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible,

a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas típicas como agresións físicas ou morais, haberá de repararse o dano moral causado mediante a presentación de desculpas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, no seu caso, correspondan.

### **Ámbito de corrección**

1. Deben corrírse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades extraescolares que se desenvolvan fora do citado recinto, así como durante a prestación do servizo de comedor.
2. Así mesmo, poderán corrírse as condutas do alumnado producidas fora do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da Comunidade Educativa.

### **CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN**

Segundo se indica na Lei 4/2011 de convivencia e participación da Cominade Educativa, no seu artigo 15 e no Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a anterior lei, considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da Comunidade Educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da Comunidade Educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito ao honor, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da Comunidade Educativa.

- e) As actuacións que constitúan acoso escolar de acordo co establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación da personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por descoido grave ás instalacións e ós materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou ós bens de outros membros da Comunidade Educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da Comunidade Educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da Comunidade Educativa. En todo caso, considerarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o apartado terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para elo polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

### **Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais**

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro docentes serán corrixidas cos seguintes medidas, en base a Lei 4/2011 e ao Decreto 8/2015:
  - a. Realización, dentro e fora do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
  - b. Suspensión do dereito a participación nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
  - c. Cambio de grupo.
  - d. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar as tarefas e traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
  - e. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar as tarefas e traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
  - f. Cambio de centro.
2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal de outros membros da Comunidade Educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnico, relixioso, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o

alumnado mais vulnerable por a súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras nos apartados e. e f. do punto anterior.

### **Aplicación das medidas correctoras**

1. A dirección do centro, a proposta da persoa que que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas anteriormente, de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III do Decreto 8/2015.
2. Unha alumna ou alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que houbo un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o que consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio de actitude na súa conduta.

### **CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN**

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa no apartado a), os actos de discriminación do apartado b), os actos de indisciplina do apartado c), os danos do apartado g), os actos inxustificados do apartado h) e as actuacións prexudiciais descritas no apartado i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida en dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da Comunidade Educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo co apartado j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e o equipo precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais normas de convivencia de cada centro.

### **Medidas correctoras**

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixiadas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a Xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado terá que realizar as tarefas e os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ó cento por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado terá que realizar as tarefas e os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

## TÁBOA- MEDIDAS CORRECTORAS DAS FALTAS LEVES E GRAVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	
FALTAS	MEDIDAS CORRECTORAS
1. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Tirar papeis ou outros obxectos ao chan ou aos compañeiros.</li> <li>- Tirar ou lanzar o material de traballo aos compañeiros.</li> </ul>	a. Amoestación verbal, recollida inmediata e incidencia na plataforma Educamos. b. Tarefa se é algo reiterado (coordinar a limpeza da aula durante 5 días lectivos, sendo responsables de que a aula quede ordenada e limpa).
2. Cambiarse do sitio asignado polo profesor/a.	Amoestación verbal e incidencia na plataforma Educamos.
3. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non traer completo o uniforme deportivo.</li> <li>- Empregar roupa ou complementos inadecuados.</li> </ul>	a. Amoestación verbal e incidencia na plataforma Educamos. b. Non traer o uniforme deportivo terá consecuencias recollidas na Programación Didáctica da materia de Educación Física.
4. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Saír da aula sen permiso do profesor cando non teñan que facer cambio de aula.</li> </ul>	a. Amoestación verbal e incidencia na plataforma Educamos. b. Reiteración na conducta: 5 incidencias serán 1 día de expulsión.
5. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Molestar na clase e dificultar o traballo do docente e do resto do alumnado.</li> <li>- Estar traballando unha materia diferente á que corresponde a esa hora.</li> <li>- Ter un comportamento inadecuado dentro e fora do recinto escolar tanto en horario lectivo como en actividades complementarias e comedor.</li> </ul>	a. Amoestación verbal e incidencia na plataforma Educamos. b. Reiteración na conducta: 5 incidencias serán 1 día de expulsión. c. Se é preciso, debido o tipo de conducta presentada, farase un parte de conducta disruptiva. d. No caso de se unha saída complementaria, dependendo da gravidade do comportamento, poderase adoptar como medida correctora a suspensión do dereito a participar noutras actividades complementarias ou excursións organizadas polo Centro.
6. Empregar o móbil, smartwatch, auriculares, altofalantes ou calquera outro dispositivo electrónico dentro do recinto electrónico ou en actividades complementarias nas que non se teña autorización do docente.	a. Amoestación verbal e incidencia na plataforma Educamos. b. O profesor/a retirara o dispositivo, que será depositados en Xefatura de Estudos. c. Xefatura de Estudos fará entrega dunha carta ao alumno/a na que se indicará o horario de recollida do dispositivo por parte do pai, nai ou titor legal do alumno/a. d. Sanción: 1 día de expulsión do Centro. e. Reiteración na conducta: ata 3 días de expulsión do Centro.

7.	Mostrar actitudes inadecuadas: bocexar ostensiblemente, estirarse, adoptar posturas incorrectas, mascar chicle, comer ou beber dentro da aula,...	a. Amoestación verbal e incidencia na plataforma Educamos. b. Tarefa: realizar traballo sobre o bo comportamento que se exporá na aula.
8.	Estar onde non se debe (corredores, vestiarios, escaleiras, patios, bareto...)	a. Amoestación verbal e incidencia na plataforma Educamos. b. Reiteración na conduta: 5 incidencias serán 1 día de expulsión.
9.	Non traer o material de unha materia de forma reiterada. Non está permitida a carga de dispositivos eléctricos na aula (ordenadores, móbiles, ...)	Amoestación verbal e incidencia na plataforma Educamos.
10.	Os alumnos mostraranse correctos no trato social, empregando unha linguaxe correcta con calquera membro da Comunidade Educativa.	a. Amoestación verbal e incidencia na plataforma Educamos. b. Sanción: 5 incidencias serán 1 día de expulsión. c. Reiteración na conduta: ata 3 días de expulsión do Centro.
11.	A impuntualidade na chegada á clase tanto nas horas iniciais como nas horas intermedias ou despois do recreo, cando non se teña un motivo grave que o xustifique ou permiso de un docente.	a. Entre 1 e 3 veces: Amoestación verbal e incidencia na plataforma Educamos. b. Máis de 3: Deberá acudir ao Centro de 8:00 a 8:30 durante 5 días lectivos, as datas serán comunicadas por Xefatura de Estudos mediante carta ás familias. c. Reiteración na conduta: expulsión do centro de entre 1 e 3 días lectivos.
12.	Os danos causados nas instalacións ou material do Centro ou nos bens ou pertenzas dos membros da Comunidade Educativa.	a. Amoestación verbal e incidencia na plataforma Educamos. b. Reparación do dano causado (e se non fose posible, facerse cargo do coste económico do mesmo ou da súa reparación). c. Parte de conduta disruptiva, se a situación o precisase. Sanción: entre 1 e 3 días de expulsión, a valorar por CCP.
13.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Non cumprir as orientacións do profesorado e dos membros do PAS, especialmente no ámbito da mellora da convivencia do Centro.</li> <li>- Os actos de incorrección ou desconsideración con compañeiros ou outros membros da comunidade escolar.</li> <li>- Non comparecer ante a Xefatura de Estudos ou Dirección cando os docentes adoptaran esa decisión despois de unha infracción.</li> <li>- Incumprimento de unha sanción.</li> </ul>	a. Amoestación verbal e incidencia na plataforma Educamos. b. Parte de conduta disruptiva: entre 1 e 3 días de expulsión.

14.	- Faltar a probas escritas ou avaliáveis.	A falta debe ser xustificada pola Educamos en tempo e forma por un representante legal do alumno/a. Deberá presentarse ante Xefatura de Estudos un xustificante físico que acredite o motivo da falta (cita médica, trámite legal, ...). Unha vez Xefatura de Estudos acepta a xustificación, indicará ó docente correspondente que pode proceder a repetirille a proba ao alumno.
15.	Calquera outra incorrección de igual gravidades que altere o normal desenvolvemento da actividade escolar e que non constitúa unha falta grave segundo se estipula na Lei 4/2011 de convivencia e participación da Cominade Educativa, no seu artigo 15 e no Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a anterior Lei.	<p>a. Amoestación verbal e incidencia na plataforma Educamos.</p> <p>b. Poderanse aplicar calquera das sancións recollidas en dita Lei e Decreto, dependendo incorrección que se deba valorar.</p>



<b>CONDUCTAS GRAVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA</b>	
<b>FALTAS</b>	<b>MEDIDAS CORRECTORAS</b>
1. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da Comunidade Educativa.	a. Incidencia na plataforma Educamos e parte de conducta disruptiva. Reparación do dano moral causado mediante a presentación de desculpas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado e suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes. b. Se a gravidade fora extrema: cambio de Centro.
2. Os actos graves de indisciplina, desconsideración, insultos, faltas de respecto ou actitudes desafiantes, cometidos cara calquera membro da Comunidade Educativa.	a. Incidencia na plataforma Educamos e parte de conducta disruptiva. Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes. b. Se a gravidade fora extrema: cambio de Centro.
3. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de Administración e de Servizos que constitúan unha indisciplina grave.	Incidencia na plataforma Educamos e parte de conducta disruptiva. Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes.
4. A gravación, manipulación e difusión por calquera medio (inclúe documentos compartidos por alumnos, redes sociais, WhatsApp,...) de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito a honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da Comunidade Educativa.	a. Incidencia na plataforma Educamos e parte de conducta disruptiva. Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes. b. Se a gravidade fora extrema: cambio de Centro.
5. Os actos de discriminación grave contra membros da Comunidade Educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.	a. Incidencia na plataforma Educamos e parte de conducta disruptiva. Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes. b. Se a gravidade fora extrema: cambio de Centro.
6. As actuacións que constitúan acoso escolar de acordo co establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.	Seguir o establecido no protocolo de acoso escolar.
7. A suplantación da personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.	Incidencia na plataforma Educamos e parte de conducta disruptiva. Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes.

8.	Os danos graves causados de forma intencionada ou por descoido grave ás instalacións e ós materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou ós bens de outros membros da Comunidade Educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.	<p>Incidencia na plataforma Educamos e parte de conducta disruptiva. Reparación dos danos causados ou facerse cargo do coste económico do mesmo ou da súa reparación.</p> <p>Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes.</p> <p>Restituír o subtraído ou, se non fora posible, indemnizar o seu valor e suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes.</p>
9.	O uso, a incitación ao mesmo ou a introdución no Centro de obxectos ou substancias prexudiciais para a saúde ou perigosas para a integridade persoal dos membros da Comunidade Educativa.	<p>a. Incidencia na plataforma Educamos e parte de conducta disruptiva. Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes.</p> <p>b. Se a gravidade fora extrema: cambio de Centro.</p>
10.	Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.	<p>a. Incidencia na plataforma Educamos e parte de conducta disruptiva. Suspensión temporal de dereito a asistencia a determinadas clases por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes.</p> <p>b. Incidencia na plataforma Educamos e parte de conducta disruptiva. Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes.</p>
11.	Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da Comunidade Educativa. En todo caso, considerarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos cando sexan requiridos polo profesorado	<p>a. Incidencia na plataforma Educamos e parte de conducta disruptiva. Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes.</p> <p>b. Se a gravidade fora extrema: cambio de Centro.</p>
12.	A saída das dependencias do Centro sen a autorización adecuada e/ou sen empregar o procedemento previsto na normativa.	Incidencia na plataforma Educamos e parte de conducta disruptiva. Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes.
13.	Absentismo inxustificado sen coñecemento e autorización dos pais, nais ou titores legais.	Incidencia na plataforma Educamos e parte de conducta disruptiva. Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes.
14.	O comportamento vandálico nas visitas pedagóxicas ou excursións.	Incidencia na plataforma Educamos e parte de conducta disruptiva. Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes e suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias do Centro por un período de entre 2 semanas e 1 mes.

15.	A perturbación grave do normal desenvolvemento das actividades do Centro e, en xeral, calquera incumprimento grave das normas de convivencia.	Incidencia na plataforma Educamos e parte de conducta disruptiva. Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes.
16.	A acumulación nun mesmo trimestre de 3 ou máis suspensións temporais do dereito de asistencia ao Centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes.	Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 8 días lectivos e 1 mes.
17.	O incumprimento da medida correctiva imposta pola comisión de unha falta grave.	Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 8 días lectivos e 1 mes.
18.	Fumar dentro do recinto escolar.	Suspensión temporal de dereito a asistencia ao Centro por un período de entre 8 días lectivos e 1 mes.